Itinerario lector 2º

O noso itinerario lector consistiu na lectura e no traballo dos seguintes libros:

- Rapunzel con piollos, de El Hematocrítico (lingua galega)
- Que queres ser de maior pequena?, de Sabela Fenrández Trelles (lingua galega)
- El superzorro, de Roald Dahl (lingua castelá)

Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestre

A continuación, desglosamos as actividades que fixemos libro por libro.

RAPUNZEL CON PIOLLOS

Autor: El Hematocrítico

Editorial: Xerais

Resumo: Rapunzel pasa o tempo na súa torre protexida de calquera perigo: bruxas malvadas, ogros, lobos... O que non espera é ser atacada polas criaturas máis silandeiras: os piollos! Estes bichiños multiplícanse rapidamente na súa longa melena, e non hai remedio contra eles. Nin a limpeza de Brancaneves e os seus ananos, nin o raio conxelador da Raíña das Neves, tampouco o enxeño de Garavanciño. Os piollos construíron unha cidade no seu cabelo e non pensan marchar. Como ha facer para liberarse deles?




As actividades realizadas constaron de 3 momentos: previas á lectura, durante a lectura e despois da lectura.

**Actividades previas á lectura.**

- Análise da portada do libro. Observación e resposta á pregunta: sobre que cres que trata o libro?
- Coloreamos un marcapáxinas coa temática do libro para empregar durante a súa lectura.







**Actividades durante a lectura.**

- Comezamos a ler o libro en voz alta.
- A medida que avanzamos na lectura, comentamos o que está ocorrendo e facemos preguntas orais de comprensión.

**Actividades despois da lectura**

- Reelaboración da portada do libro















- Elaboración da ficha do libro
- Escritura dunha opinión sobre o libro
- Preguntas de reflexión e razoamento:
    - Rodear os personaxes do conto
    - Verdadeiro falso
    - Pensar que farían se lle saísen piollos
    - Crear unha apócema para acabar cos piollos


















- Falamos sobre os personaxes e decidir cal lles gustou máis.
- Pensar outro título para a historia
- Cambiar o final
- Continuar a historia sobre que ocorreu despois de que os piollos abandonasen a cabeleira de Rapunzel.
- Sopa de letras cos nomes dalgúns personaxes da historia


9. Que pasou despois? Escribe como continuou a historia.

O frautista volve a coller a súa frauta e os piollos marchan para o seu cabelo pero a frauta xa non valía en si mesmo, entón o frautista prestoulle a frauta ao rei e os piollos marcharon a basura outra vez.

10. Busca o nome dos personaxes de Rapunzel con piollos na sopa de letras.


9. Que pasou despois? Escribe como continuou a historia.

Despois Rapunzel foi coas súas amigas princesas e foron a un restaurante e despois foron montar a cabalo e fixeron unha festa de pixamas.

10. Busca o nome dos personaxes de Rapunzel con piollos na sopa de letras.


9. Que pasou despois? Escribe como continuou a historia.

Despois os piollos e o frautista de Hametin fixéronse moi moi moi matos e conquistaron o mundo enteiro. Foron collendo moitas persoas de Francia, Italia, Islandia, Rusia e Ucrania e por último os piollos foron ao cárcere.

10. Busca o nome dos personaxes de Rapunzel con piollos na sopa de letras.

- Reflexión sobre o cabelo de Rapunzel. Cres que é necesario que teña o pelo longo para que poidan salvala?
- Opinión sobre o seu cambio de peiteado


11. Crees que Rapunzel precisa ter o pelo longo para que poidan salvala? Por que?

Non porque pode salvarse sola e é valente

12. Que opinas do seu cambio de peiteado?

Que está moi ben.


11. Crees que Rapunzel precisa ter o pelo longo para que poidan salvala? Por que?

Non, porque se pode salvar ela sola da torre.

12. Que opinas do seu cambio de peiteado?

Pois que está moi ben, porque así non pasa tanto tempo cas gomas e as pinzas


11. Crees que Rapunzel precisa ter o pelo longo para que poidan salvala? Por que?

Non. Poden salvar a Rapunzel sen que teña o pelo longo.

12. Que opinas do seu cambio de peiteado?

Gustame moito o seu corte de pelo.

- Debuxar o seu momento favorito
- Crear un novo peiteado para Rapunzel.












- Creación dun cartel para a visita do autor do libro








- Visita do escritor El Hematocrítico



